



# CULTURA

## EXPOSICIÓN

### La escultura táctil de Castiñeiras

En la Galería Sargadelos de Ferrol se reúne estos días una muestra de la obra de Xosé Castiñeiras, compuesta por esculturas en madera, granito y otros materiais, donde prima el tacto y la textura.

## LIBROS



### Cáccamo e os cetáceos

Alfonso Álvarez Cáccamo, gañador do último premio Xerais de novela, presenta a súa obra «As Baleas de Eduardo Reinoso», unha narración baseada nun sono ecolóxico.

## MÚSICA

### 1991, el «año de Mozart»

## LITERATURA

### Balace de doce meses de narrativa galega

Ser de A Fonsagrada, filólogo e nacionalista de esquerdas non podían levar a Antón Santamarina a considera-lo idioma galego como algo banal ou de andar pola casa. Dende hai cáseque cincocentos anos o seu compromiso coa lingua é total, humana e cientificamente. O seu importante currículo é tan calado como laborioso. Dende hai pouco máis dun mes é o director en funcións do Instituto da Lingua galega, no que substitúe ó que foi o seu mestre e compañeiro de cátedra e loitas investigadoras, Constantino García

—¿Coida que o instituto ten cumpridos os obxetivos polos que se creou hai vinte anos, e cando se abre unha nova etapa na súa dirección?

—Os obxetivos de hoxe non son os mesmos de hai vinte anos. No ano 71 a situación do galego era moi diferente, porque non se usaba en absoluto na Administración nin no ensino, e un dos nosos obxetivos naquel momento era o de traballar pola implantación do galego, que na actualidade está máis ou menos conquistado, e polo tanto é unha cuestión da que nos despreocupamos dentro desta institución, porque xa non é cousa nosa andar por ahí orgaizando cursiños de galego nen facer métodos. Outro obxectivo do instituto era o da investigación do galego, e non sei si fomos cumprindo estritamente os prazos que nos fomos propoñendo, pero penso que hai bastantes resultados logrados.

—A aparición do primeiro volume do Atlas é un deses logros?

—No Atlas empezouse cun plan moito máis modesto, con traballos destinados a facer tesinas, memorias de licenciatura e enquisas dialectais para facer léxico. Os resultados de todas aquelas enquisas conforman o arquivo grande no que temos cerca dun millón de fichas ordenadas alfabéticamente. Todas esas investigacións acabaron cristalizando na idea dun «Atlas Lingüístico Galego», a raíz de que Manuel Alvar nos encargou a parte galega para o «Atlas Lingüístico da Península Ibérica», que decidiu facer cando lle encargaron a él a parte española para o «Atlas Europeo». Así que decidimos amplia-lo cuestionario para recoller información para o Galego, e parte dos resultados están no primeiro volumen que apareceu o outro día.

—Chegados a este nivel científico e de implantación do idioma, ¿cómo ve vostede a situación social en canto ó uso do galego?

—É un campo no que hai que seguir traballando, porque se ganaron moitas batallas desde que empezábase.

Neste intre están superados os prexucios sobre que o galego era unha lingua pobre, sen norma e que non valía para desenvolverse porque non tiña vocabulario. O galego é unha lingua que ten normativa —desgraciadamente ten máis de unha— e a xente perdeu o prexucio de que

# ANTÓN SANTAMARINA, O FILÓLOGO DISCRETO

CONCHA PINO

só servía para facer versos e escribir novelas. Pero a inercia sigue ahí. Siguen perdéndose falantes. Os pais, mesmo entre os galeguistas de esquerdas, siguen sen falarlles galego ós seus fillos, e esa é unha cadea que se se rompe fatalmente, porque por moito galego que poñas na escola e na televisión, o sitio no que hai que gañarlle a batalla ó galego é no seo da familia.

—Na medida en que existen correntes, normas distintas, é perigosa a lusista ou a reitegracionista para normaliza-lo galego?

—Desde o momento en que ten que haber lingua oficial non pode haber máis ca unha norma oficial. E cando unha lingua tense que poñer ó día implica unha intervención humana, que se basea no ideal que as personas que a leven a cabo teñan dese idioma. Trátase polo tanto dun valor, non dunha verdade. E ten que haber discrepancias. Eu, que non son lusista, considero que o idioma ten unha elaboración moderna que debe quedar recollida na normativa.

Penso que

a miña opción é a boa, aínda que con criterios obxetivos e científicos é difícil determinar cal é a mellor. Así que haberá que aplica-los de oportunidade.

—Qué traballo lle queda por facer ó Instituto da Lingua Galega neste contexto e tendo en conta que a Real Academia Galega é o organismo coa autoridade sobre a normativa, actualización e uso correcto da lingua?

—Creo que xa traballamos no tema da normativa bastante tempo e que hai que dedicarse a máis cousas. Queda a importantísima parcela do léxico, que hai que modernizar e someter a moitas escollas, porque unha lingua unificada ten que ser económica. Eu penso que o Instituto é

imprescindible. Non sei se no futuro podrá prescindirse del, pero de momento creo que non. As relacións que mantemos coa Academia

son boas agora —non en valde hai académicos que son membros do Instituto— e tamén é certo que para facer calquera traballo lingüístico ten que contar cos filólogos. Vai elabora-lo Mapa Sociolingüístico, que debería estar feito desde hai moito tempo, porque se queres facer unha planificación lingüística do galego primeiro hai que saber cánta xente o fala, en qué sitios, que actitude teñen diante del e outros datos desde tipo. É unha verdade que hai que saber, independentemente dos resultados.


—Os institutos universitarios teñen pendente desde hai tempo a reforma dos seus estatutos. ¿Plantéxase o futuro do Instituto da Lingua Galega como universitario autónomo?

—A verdade é que estamos fora de prazo con esta reforma desde que a Universidade ten Estatuto. Chegou o momento de facelo e o primeiro que teremos que discutir é precisamente si vai ser un instituto universitario ou mixto, porque deso dependerá que siga tempo un patronato ou non. En canto á dependencia ou non, os traballos que facemos hai que financiarlos con cartos de fundacións e de institucións, como é o noso caso. A Xunta nunca nos esixeu que fosemos colaboradores no sentido de dependencia. Sempre que nos deron cartos fixérono de maneira desinteresada, polo menos ata agora. Solo faltaría tamén que nos amarraran pola limosna. Pero si seguir aceptando colaboracións económicas para ayudala ciencia vai supoñer que temos que cala-la boca a todo o que nos pareza mal, entón non, daquela vámanos para a casa.

—O feito de que agora haxa tres universidades vai cambia-la situación, ¿vai seguir sendo o ILG da Universidade de Santiago?

—En principio sí. Non son exclusivista, así que si vai haber outro Instituto da Lingua en Coruña e outra en Vigo non teño nada que opoñer. Non sei se poderán ser da Lingua Galega, nen se se podeuplicar ou triplicar este nome. A leira da lingüística está aberta. Cada un que investigue ou abra os camiños que queira.

E non solo vexo esa posibilidade como un ben, senon que me parecería normal que fosen heterodoxos. Non sei o que pensarán a totalidade dos membros do instituto, aínda que dalgúns sí, e compartimo-la opinión que debe ser un Instituto da Lingua galega da Universidade de Santiago. Non sei que será en definitiva, porque ó mellor esa é unha decisión de carácter político. Pero creo que hai un traballo feito desde hai moitos anos, e uns dereitos adquiridos.



Tino Viz